

MARIPOSAS NEGRAS 1430

David Baute, 2024

ESTREA EN NUMAX: 21.12.2024 | V.O. | +7 | 78 min

Inspirada por mulleres reais, propón unha viaxe desde África, o Caribe e Asia cara a un incerto futuro para a humanidade. O cambio climático impacta nas vidas de Tanit, Valerie e Shaila, tres mulleres de puntos moi distintos do planeta pero con algo en común: as tres pérdeno todo polo efecto do quentamento global e vense forzadas a migrar.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero (ICAA)

«Emprega unha fermosa animación para recordarnos que o cambio climático non é ningunha broma e faino de maneira intelixente, crúa e elegante»

Enid Román Almansa, CINEMANÍA



Os estragos do cambio climático

Por Jordi Batlle Caminal

Habitualmente considerado un espazo para a alegría e a diversión, o cinema de animación xa leva moitas décadas demostrando que é tamén un xénero tan válido como calquera outro para retratar non xa a tristura, senón os aspectos máis duros e sórdidos da condición humana. Non hai película máis desgarradora sobre a crueldade das guerras e os seus efectos na infancia que *A tumba dos vagalumes*, a inconmensurable obra mestra de Isao Takahata. *Mariposas negras* circula por este mesmo vieiro. Podería ser un documental (a especialidade previa de David Baute, cineasta canario que entende o cinema como un compromiso ineludible coa realidade), porque o que nos conta son tres historias verídicas moi actuais, pero a animación outórgalles unha pureza e unha vibración poética que dificilmente atoparíamos nas imaxes reais.

O nexa das tres historias son os estragos do cambio climático. Protagonízanas tres mulleres de distintos recunchos do planeta que se ven obrigadas a emigrar por mor dos furacáns, as secas ou as inundacións. Dunha illa caribeña a París, dunha aldea de Quenia á capital Nairobi, da India a Dubai. O que deixan atrás é estremecedor, pero o que teñen por diante non é precisamente un camiño de rosas: o racismo, o pesadelo dos trámites burocráticos kafkianos, a escravitude e a prostitución conformarán outras maldicións engadidas. David Baute séveo alternando as tres odiseas e saltando puntualmente ao pasado, nunha estrutura narrativa ben enfocada e a través de debuxos de liña clara, moi elaborados, acuarelas fermosas. É, por suposto, unha obra desacougante (non están os tempos como para edulcorar ningún matiz) e unha obra de denuncia felizmente afastada do panfleto e da píxula didáctica. Probablemente non cambiará o lamentable panorama social e ambiental que padecemos, pero abre, e remove as nosas consciencias coma se un mísil impactase no cerebro.

Publicado en lavanguardia.com

Saír da burbulla

Por Enid Román Almansa

En *Mariposas negras*, o director David Baute cóntanos tres historias paralelas cunha realidade en común: a de todas aquelas persoas que, debido ao cambio climático, se ven obrigadas a emigrar e abandonar os seus fogares en busca dun novo lugar no que vivir.

Valeria vese obrigada a voar desde o Caribe a Francia, Tanit a abandonar o seu pobo en Quenia e Shaila a deixar atrás a súa familia na India para servir a unha familia de ricos en Dubai. Cada unha empurrada por diferentes razóns climáticas, loitan por atopar a maneira de sobrevivir, polo seu ben e o dos seus fillos, á nova vida que lles foi imposta. Inspirada en mulleres reais, a película utiliza a animación para concienciarnos sobre as consecuencias do quecemento global e lembrarnos que o cambio climático non é ningunha broma, e faino de maneira intelixente, crúa, elegante e tremendamente dura, mostrándonos o antes e o despois de tres familias que ven como as súas vidas se desfán en cuestión de segundos.

Non é fácil de ver, sobre todo para nós, as mulleres, pero é necesaria para concienciarnos a todos, independentemente do xénero, do que está a pasar fóra da nosa burbulla.

Publicado en 20minutos.es